



JANOSCH

TIGRE E OSO NA CIDADE






Un día, tigre pequeno díxolle a oso pequeno:

-Vamos! Ven comigo á cidade,
que che ensino a cruzar a rúa.
Hoxe vou facer da túa nai.

-Oh, que ben! -exclamou oso pequeno-.
Teño moita gana de aprender!


Calzou os seus zapatos de oso e baixaron xuntos
ata o río.



Unha vez alí, subiron á súa barca
e tigre pequeno dixo:

-Hoxe tócache a ti ser o mariñeiro,
así que tes que remar. Eu son
a túa nai, e as nais tamén teñen dereito
a descansar de cando en vez.

É oso pequeno remou ata a ponte gris.




Un pouco antes de chegar á ponte,
ataron a barca a un poste e botaron a andar
por unha estrada que levaba á cidade.

Tiñan que camiñar medio quilómetro.
Tigre pequeno ía diante e oso pequeno
seguíao de cerca.

De súpeto, oíron un ruído ás súas costas e viron que un coche ía troupeleando cara a eles. O condutor tivo que frear de golpe e tocou a bucina:

-Piiii, piiii, piiii!



Os dous asustáronse moito e saltaron á beiravía. Non se mataran por pouco.

-Pasmóns! Papamoscas! Estadés a durmir ou que? -berrou o condutor dende a súa carraca.

Era o vello chibo, que levaba verduras ao mercado. A súa muller ía sentada detrás.

Por sorte conducía amodo, a uns vinte quilómetros por hora.

Baixou do coche e dixo:

-A ver, rapaces. Cando se vai pola estrada, hai que ir sempre polo lado esquerdo.



Tras os montes



ISBN 978-84-1343-209-0

9 788413 432090

www.kalandraka.com